



"Chámalles polo nome"

ENDL - CEIP Virxe do Camiño

Rubiá 2008

LIMIAR

Chamar @s demais polo seu nome é sinal de confianza, de respecto e de cariño. Saber o nome dunha persoa achéganos a ela.

Coñecer o topónimo dun lugar e usalo, saber ubicalo e localizalo nun mapa ou nun plano, implica interesarse por ese sitio e polo tanto querelo.

Como galegos presumimos de querer moito á nosa terra, pero iso demostráremolo si coñecemos os seus recunchiños, si temos a súa imaxe gravada nas nosas mentes, si sabemos os seus nomes "proprios" , e podemos localizar cada cachiño desta xeografía nosa tan fragmentada e tan reconstruída a base de esforzo, de suor e bágoas .

Galicia é berce de homes traballadores e de mulleres infatigables que a labraron con infinito esforzo, aboárona coa morriña e a dor da ausencia e sementárona coa esperanza do retorno. A nosa é unha patria querida coma poucas, sempre presente, xa sexa dende a saudade da distancia ou dende a ledicia da volta.

É a nosa unha terra composta de mil anacos, feita de mil historias, chamada de mil maneiras que nos falan: do que foi, a quen pertenceu, para que se utilizou, de que está composta... Pero que si a respectamos coas súas características e peculiaridades, fálanos tamén do que é. E si perviven os seus nomes porque nós os gardamos e os seguimos usando, falaranos tamén nun futuro no que seguirá suxeitando con forza e agarimo as nosas raíces, para que non esquezamos quen somos e poidamos encamiñarnos con seguridade e orgullo cara onde desexemos. .

A coordinadora do Equipo de Normalización

CEIP Virxe do Camiño

Rubí 2008

OS NÓSOS TOPÓNIMOS. INTRODUCCIÓN

Os topónimos teñen gran contido histórico pois sérvennos para coñecer mellor o noso pasado, xa que moitas veces permítennos localizar xacementos arqueolóxicos (Cabeza de Castro), xentilicios (Val de Galegos), cultos e hábitos relixiosos (Vara do Pendón), institucións (Sortes), construcións derruídas (Pacios), tipos de cultivos desaparecidos (Liñares).



A toponimia de Rubiá non é unha excepción, senón que recolle exemplos de todo o dito.

O primeiro resto arqueolóxico onde se contempla a orixe do topónimo de Rubiá, baixo as influencias romanas, é a lápida da que nos fala o escritor Hervella, que está incompleta e que foi descuberta no

ano 1940 (da que se descoñece o paradiro actualmente) dedicada á deidade local *Raveana Bareco*, e que foi atopada neste municipio. O texto da súa inscrición é o seguinte:

RAVVEANA

BARECO

AFER ALVINUS

TITUS TORUBOS

VOTUM SOLVIT LIBENS MERITO

Traducido ó galego quere dicir: *Albino Tito Torubo, africano, puxo de bo grado este monumento a Ravveana Bareco*. Barecco é unha divindade celta ben coñecida aínda que non sabemos si había algún tipo de representación física do mesmo ou a que se refería o seu culto. O nome Raveanna é a primeira vez que aparece, pero consérvase case intacto. Estamos pois ante unha divindade local que deu nome á paraxe onde se situaba, e que se perpetuou no poboado actual. Polo que o topónimo de Rubiá é o último vestixio do que foi parte do panteón relixioso valdeorrés.

A romanización fixo que os antigos habitantes dos castros baixasen a poboar os vales e cambiasen. A súa lingua, as súas formas de vida e mesmo as súas divindades. Hai en Valdeorras numerosas

mostras que abalan este proceso de romanización sufrido polos antigos poboadores.



O pobo visto dende Tillería

A toponimia de Rubiá ofrece moitos e interesantes exemplos de nomes de lugares herdados do mundo romano: Adredo, Vilerma, Lamas Bacoriñas. Este último topónimo, pode identificarse co que hoxe en día se coñece como "A Lameira", que significa "praderías pantanosas con árbores que están libres de propietario".

A proba documental máis antiga coñecida sobre a existencia de Rubiá, con este mesmo nome, remóntase a 1182, cando Pedro de Forcadella e a súa muller Orraca Pérez fixeron unha doazón ó mosteiro de San Pedro de Montes.

Este nome aparecerá novamente en documentos posteriores:

- Nun documento do ano 1251 alúdense por primeira vez a titularidade de Santa Mariña como patroa de Rubiá.
- No ano 1561 onde se aluda por primeira vez a titularidade de Santa Mariña como patroa de Rubiá, nunha escritura onde se di claramente que "a vila pernomeada Ruviana" está sub signo de Santa Marina".



- Nun documento con data de 1563 na que aparece vacante a freigresía de Rubiá por falecemento do párroco: "la iglesia parrochial de Santa Marina de Rubiana".

- Datado no 1565 aparece un documento que fala das Rubiana ... del dicho lugar de Rubiana"
- Nese mesmo ano aparece outro documento que recolle un "aforamiento perpetuo que Bartolomé García y Pedro fernández hacen a Antonio Fernández vecino del lugar de

"Lamas Baroquiñas está en término e so campanas de Santa Marina de Rubiana".

Ó longo dos séculos son moitos outros os documentos nos que aparece recollido o nome da localidade na súa forma castelá, pero non nomearemos máis porque neste traballo queremos recoller outros topónimos dos lugares que configuran o pobo.



Segundo a clasificación que fai Ramón López Caneda na súa obra: *Santa Marina de Rubiana. Estudio Histórico, Artístico y Socio-demográfico*; clasificaremos os topónimos do noso pobo en dezaseis grupos:

1. NOMES ALUSIVOS A COMUNICACIÓNS.

VIEIRO: Alude un lugar de paso, ao paso dunha vía,

ALTOPASO: alude a un camiño.

CARRUA: camiño máis amplo cq un carreiro que servía de paso para os carros.

CARREIRA/ CARREIRO: camiños estreitos.

CALZADA: Por esa rúa transcorría unha antiga calzada romana, posiblemente parte do camiño de inverno a Santiago de Compostela.



Rúa da Calzada

RÚA CAMIÑO DO SECANO

PONTE

PONTICELA: ponte pequena.

PORTELA

PORTO: paso alto

QUELLA DA SEARA: Camiño estreito nunha zona de cultivo de cereais.
Na actualidade é unha rúa bastante ampla no comezo e no final.



Rúa Quella da Seara

2. NOMES ALUSIVOS A TOPOGRAFIA E CONFIGURACION DO TERREO.

No relevo de Rubiá hai diferentes accidentes xeográficos sexan moi variados. Nesta variedade morfolóxica corresponde unha variedade de denominacións moi ampla, rica e expresiva. Neste bloque caben, con todas a súas variantes os topónimos:

AIRA DE OUTEIRO

BARRANCA

BURACA / BURACO

CABEZO

CABORCO

CHAO: zona chaira

LADEIRA

LOMBO / LOMBEIRO

OUTEIRO PICO

A NIVIEIRA

O RECOSTO

POULO



Rúa das Poulas

TESO

A CHAPACUÑA

e toda a amplísima familia <<Val>>

VAROUTA: Val outo

VALDAVIÑA

VALSABADELLO

VALDESEADRE (algúns veciños usan Xeadre ou xiadre)

3. NOMES ALUSIVOS Á FORMACIÓN DO TERREO.

No solo do noso pobo son fáciles de localizar compoñentes como: lousa, rocha, area, barro,... todos eles aparecen reflectidos en nomes tan explícitos que o din todo:

AREAL
A CAL / CALES /CALEIRA
BARREDOS / BARRELA /SOUTOBARRUDO/ BARREIROS
CANTOS
FERRADAL/ FERREIROS/ FERREÑO
LOUXEIRA
PEDRAGAL
PIZARREIRA

4. HIDRÓNIMOS.

Rubiá ten clima oceánico, con abundantes augas dende o outono ata a primavera; polo que non pode sorprender que a auga humedeza a nosa toponimia, con nomes como:

CAMIÑO DE SECANO
BANZADO
A CALDEIRA
AS AUGAS
AS POZAS
BABULLEIRA



Río Meiral

LAGO /LAGUA
LAMEIRÓN

A PRESA

PINGUELA

CACHÓN : chorro violento de auga

RIGUEIRAL

LAMEIRA: Zona baixa, encharcada moitos meses do ano polas augas que corren por as ladeiras circundantes.

REGATO DA LAMEIRA

REGO DOS LIÑARES

5. NOMES QUE INDICAN CERCANIA, ALONXAMENTO, RELACIÓN CON OUTROS.

Estes nomes son moi comúns moitas veces unidos a outros que tamén aparecen

CABO DE LAGO
PARADELA
A RESTRE



Rúa Cabo de Lago

ENTREPENAS
SUBACELA
ALTO DO PASO



Fondo do Patal

6. NOMES ALUSIVOS A CULTIVOS.

Algunhas partes do pobo foron antigamente terreos dedicados a diferentes cultivos e co paso do tempo e a medida que o pobo crecía convertéronse en barrios e rúas que gardan nos seus nomes un recordo do que nelas se colectaba. Así temos:

Mazás en *PUMAREGA*.

Abelás en *AVELEIRAL*.

Rúa Pumarega



Cereixas en *CEREIXAL*.

Guindas en *GUINDEIROS*.

Peras en *PEREIRA*.

Viñas en *BACELO/ ALTO DA VIÑA/ BAICELA/ VIÑABLANCA. VIÑAL/ VALDRAVIÑA*

Castaños en *TERRA DE SOUTO, CASTAÑEIRAS*.

Olivas en *VALDEOLIVA, OLIVAR, OLIVEIRA*.

Noces en *CONCHEIRO, CONCHEIRA*.

Figos en *FIGALEDO*

Liño en *LIÑARES E REGO DOS LIÑARES*.

Trigo en *TRIGADELA /SEARA/ A SEARIÑA /AS BOUZAS*

Hortas en *CORTIÑAS*

Cabazas en *CALABAZAL*.



Rúa Cabazal



Rúa Carballal

7. NOMES ALUSIVOS Á FLORA SILVESTRE, ESPONTÁNEA.

Neste bloque nosa toponimia é aínda máis rica que no anterior, referente a plantas cultivadas polo home. Temos:

Bidueiros en *O BIDUEDO*.

Carballos en *CARBALLA, CARBALLOSAS, POULA DA REBOLESA, REBOLAR*.

Prados en *A PRADEIRA*

Carpazos en *CARPACEIRA, CARPAZAL DA REIGADIÑA*.

Carqueixas en *CARQUEIXEDO, CARQUEIXEIRA*.

Espiño en *ESCAMBRUÑEIRAL*.

Fento en *FELGARÓN, FELGUEIRA*.

Fiollo en *FIOLLA*.

Freixos en *FREIXOS DE LAGO*.

Castiñeiros en *TERRA DE SOUTO*



Rúa terra de Souto

Érbedos en *MADRUÑEIRA, HERVEDAL*.

Negrillo en *NEGRILLOS DE LAGO*.

Loureiro en *OS LOUREIROS*.

Pinos en *O PIÑEIRO*.

Olmos en *OLMAR*.

Salgueiros silvestres en *SALGUEIRAL*.

Silvas en *SILVEIRA*.

Uces en *TOUZA DA UZ / TORGOAL*

Toxos en *TOXEIRO DA CARBALLA, TOXAL DA TAPADA*.

Amieiros en *UMEIRAL*.

Acivros no *XARDOAL*.

Xuncos en *XUNQUEIRA*.

xestas en *XESTAL*.

8. NOMES ALUSIVOS A FAUNA MONTARAZ E SILVESTRE.

A nosa toponimia recolle moitos nomes de aves e doutros animais comúns na nosa zona:

Corvos: *PENACORBAL, FONTE DO CORVO*

Pombas: *TESO DAS POMBEIRAS, FONTE DAS POMBAS, FONTE DO POMBAR.*

Ágias: *PENA DA AGUIA.*

Quiobras: *VALDEQUIOBRA/ TERRA DE QUIOBRA*



Fonte das Pombas

Coellos: *FONTE DO COELLO*

Zorras: *GULPILLEIRAS*

Gatos monteses: *PENA DO GATO*

Lobos: *PENA DO LOBO*

Xabarís: *PORQUEIRA*

9. NOMES DE PROPIETARI@S

A GUILLERMA

A CAPOAL

REBOLAR DA RICHA

O EIXANTE

DEVESA DO CONDE

DEVESA DE ROXO

DONAMAIOR

GOLADA DE DON FIZ

POULA DE ANTON, POULA DE LUIS, POULA DE QUEVEDO
PRADO DE FIDALGO

10. NOMES DE SANTOS E DE INSTITUCIONS RELIXIOSAS.

A maioría teñen que ver coa Virxe algunhas son:

A VIRXE DO CAMIÑO / A VIRXE. / PORTELA DA VIRXE
A CAPELA



A Capela

11. NOMES RELATIVOS A XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS E ASENTAMENTOS HUMÁNS.

CASTRELO / OS CASTROS

CABEZA DE CASTRO: Localización dun antigo castro. Neste nome de Cabeza de castro está clara a referencia á un antigo asentamento castrexo, pero na foto tamén podemos apreciar porque se lle chama cabeza xa que está na parte máis elevada.



Rúa San Romao

VARA DO PENDÓN: chámase así ó lugar dende onde se bendicían os campos



Rúa Cabeza de Castro

12. DE INSTITUCIONS E COSTUMES
DESAPARECIDAS.

AS SORTES
O CURREXIDOR

13. DE ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS E
OFICIOS.



Segadores

A CARBOEIRA: relacionado con fabricación e almacenamento de carbón
OS LADRILLOS

A FERRERIA: non se conserva o edificio, pero si nos quedou o nome.


ACEÑA/ O MUIÑO

OS SEGADORES: en memoria dos moitos homes deste pobo que tiveron
que emigrar a Castela para vivir dese traballo.




A Tellería

TELLERIA, TELLARIA, TELLEIRA, TELLEIROS: nomes todos eles
relacionados coa fabricación de tellas. Algúns veciñ@s din "tillería".



Rúa do Forno

RÚA DO FORNO: nela houbo un forno de pan que hoxe en día xa non se
conserva.



Praza dos Currais

14. DE ANTIGOS EDIFICIOS.

PACIOS: nesta zona houbo un pazo pertencente a unha familia de apelido Otero; que foi demolido e do que se venderon ata as pedras, só se conserva no lugar onde estivo esta edificación, unha árbore centenaria. E algúns dos terreos próximos teñen nomes como Pradogrande.

MOSTEIRO: fai referencia ó de San Pedro de Montes ó cal fixeron unha doazón un matrimonio de Rubiá segundo consta en documentos do século XII

TURRIZOLA: torre pequena

15. DE CORES.

Nos topónimos do val temos tamén variedade policromática:

AMARELAL: referido á cor amarela

PENARRUBIA: relacionado coa cor avermellada dese monte.

POZONEGRO


PRETADURA

16. XENTILICIOS

GALEGOS: claramente alude ó xentilicio.

17 . ALUSIVOS A LENDAS.

AS TRES PENAS MARÍAS: fai referencia á coñecida lenda das tres nenas pastoras que se topan unha meiga no monte que lles ofrece fortuna a cambio de dominar a súa curiosidade e non mirar cara atrás oísen o que oísen no seu seguinte encontro. Ó día seguinte de volta no monte cando escoitaron un estrondo enorme e a desconfianza fíxolles volver a cabeza co cal quedaron convertidas en pedra.



As tres Penas Marías

APÉNDICE.

Os nomes orixinais sufriron transformacións ó longo do tempo por motivos moi diversos: substrato lingüístico, influencia de novas linguas principalmente o latín, castelanización, etc.

Como exemplo nas fotos seguintes podemos ver unha mostra na que o nome dunha mesma rúa pervive hoxe en día na forma galega e na castelá.



GALICIA

Terra de festas e risas
Terra de trasnos e meigas
Terra de misterio e segredo
Terra de nubes e néboas

Terra de futuro e de anceios
Terra de portas abertas.
Terra de grandes recordos
Terra de contos de vell@s.

Terra de grandes momentos
Comezo e finis da terra
Terra aberta ó mar
Terra de cara a outras terras.

A coordinadora do Equipo de Normalización
CEIP Virxe do Camiño
Rubiá 2008

ÍNDICE

Os nosos topónimos. introdución

Nomes alusivos a comunicacións.

Nomes alusivos á formación do terreo.

Hidrónimos.

Nomes que indican proximidade, alongamento e relación con outros.

Nomes alusivos a cultivos.

Nomes alusivos á flora silvestre espontánea.

Nomes alusivos á fauna montaraz e silvestre.

Nomes de propietarios.

Nomes de santos e de institucións relixiosas.

Nomes relativos a xacementos arqueolóxicos e asentamentos humanos.

Nomes de institucións e costumes desaparecidas.

Nomes de establecementos industriais e oficios.

Nomes de antigos edificios.

Nomes de cores.

Xentilicios.

Nomes relacionados con lendas.

Apéndice.

COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN

LINGÜÍSTICA

O Equipo de Normalización Lingüística do CEIP Virxe do Camiño, durante o ano 2008 está composto polos seguintes integrantes:

Coordinadora: M^a Teresa Pérez Martínez.

Membros: M^a Teresa Fernández Arias.
Sonia Rodríguez Paz
Aurora Delgado Pérez
Emilio Vázquez Vázquez

AGRADECEMENTO

A tod@s @s alumn@s matriculad@s no CEIP Virxe do Camiño de Rubiá durante o curso 2007 - 2008 e ós seus familiares e veciñ@s, así como ó Concello que nos facilitou mapas do relevo e a tod@s @s que nos axudaron a sacar adiante este traballo xa que sen a súa colaboración non houbera sido posible facelo.

BIBLIOGRAFÍA

- *Tumbo viejo de San Pedro de Montes.* (Centro de estudios e investigaciónes San Isidoro. Caja de Ahorros y Monte de Piedad de León). 1971. Documento 226.
- *Escudo Heráldico del Municipio Rubiana de Valedoras.*- Ayuntamiento de Rubiana de Valedorras.
- *Santa Marina de Rubiana. Estudio Histórico, Artístico y Socio-demográfico.* Ramón López Caneda. Instituto de Estudios Valdeorreses. Cuaderno Monográfico 21. Ano 1996.
- *Colección documental do autor Quintana Prieto.*
- *Archivo Diocesano de Astorga. 178 - 9*